

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

**PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO
INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Asuntos económicos e contratación

3.2.a) Modificación do contrato administrativo de subministración, instalación e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia no Parlamento de Galicia (STI-PA3/2023)

I. O 14 de febreiro de 2023, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas desta contratación administrativa, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 338.000,00 €.

II. Á vista do acordo da Mesa de Contratación, o 27 de xuño de 2023, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou adxudicar o contrato a EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL, S.A., polos seguintes importes:

<i>Prezo da subministración</i>	227.737,30 €
<i>IVE</i>	47.824,83 €
<i>TOTAL</i>	275.562,13 €

<i>Prezo da instalación</i>	17.449,41 €
<i>IVE</i>	3.664,38 €
<i>TOTAL</i>	21.113,79 €

<i>Prezo do soporte técnico</i>	22.000,00 €
<i>IVE</i>	4.620,00 €
<i>TOTAL</i>	26.620,00 €

<i>Total importe do contrato</i>	267.186,71 €
<i>IVE</i>	56.109,21 €
<i>TOTAL</i>	323.295,92 €

<i>Ampliación do período de garantía da subministración</i>	2 anos
---	--------



III. O contrato entre o Parlamento de Galicia e EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL, S.A. foi asinado o día 1 de agosto de 2023. A duración do contrato ten unha duración de tres anos dende a formalización do contrato.

IV. Con data 23 de febreiro de 2024 o presidente do Parlamento de Galicia asina a resolución sobre a fusión por absorción da empresa EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A.U. pola empresa ELECTRONIC TRAFIC, S.A.

V. Con data de 22 de abril de 2025 dende o STI emítese o *Informe motivado da modificación do contrato do sistema de vídeo vixilancia do Parlamento de Galicia (expte. STI-PA-3/2023)*, sobre a necesidade de ampliación do sistema de vídeo vixilancia do Parlamento de Galicia, relativo á adquisición, instalación e incorporación ao sistema actual de xestión dunha nova cámara de vídeo vixilancia, un monitor para a visualización de alertas de intrusión e unha botoeira de sobremesa para o armado e desarmado das ditas alertas, xustificándose a incorporación dos seguintes elementos:

- Unha cámara de vídeo vixilancia de alta resolución (61 MP)
- Un monitor profesional de 55 polgadas
- Unha botoeira de activación de alarmas
- As correspondentes licenzas, materiais e servizos de instalación e mantemento

VI. Esta modificación amparase no disposto no artigo 203.2.b) da Lei de Contratos do Sector Público, que permite, de xeito excepcional, realizar modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205 da mesma lei.

A presente modificación, que non estaba contemplada nos pregos de contratación, axústase ao réxime excepcional do artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e xustifícase polos seguintes motivos:

- A modificación proposta cumpre co establecido no artigo 205.1.b), xa que responde a unha necesidade sobrevida, vinculada ao novo acceso ao edificio e ás indicacións dos corpos de seguridade, que trasladaron a necesidade de reforzar as deteccións de intrusión no perímetro mediante funcionalidades específicas do software (instalación da botoeira e monitor dedicado para visualización de alarmas) e a vixilancia da zona na que se realizan as manifestacións (cámara). A variación é estritamente indispensable.
- Tamén cumpre co establecido no artigo 205.1.a) da LCSP, xa que atopa a súa xustificación no suposto a) que se relacionan no apartado segundo do mesmo artigo e que se detalla a continuación: A presente modificación cumpre co establecido no artigo 205.2.a). 1º da LCSP, que permite engadir subministracións adicionais aos contratos existentes cando o cambio de contratista non é posible por razóns técnicas ou económicas:

O informe do STI recolle que a subministración obxecto desta modificación integra elementos específicos e compatibles co sistema actual de vídeo vixilancia, baseado na plataforma Avigilon Center versión 8, instalada polo contratista actual. Un cambio de contratista obrigaría a adquirir compoñentes con características técnicas diferentes, o que podería producir incompatibilidades co software, o hardware e coas analíticas configuradas, e mesmo comprometer a operatividade do sistema de seguridade do Parlamento. A configuración do sistema, tanto no relativo á xestión centralizada de vídeo vixilancia como ás analíticas intelixentes (detección de intrusións, activacións automáticas, etc.), está axustada ao entorno tecnolóxico existente e ás condicións implantadas polo contratista actual, polo que a intervención dun novo provedor implicaría a



reconfiguración parcial ou total das integracións, cos correspondentes custos adicionais e maior risco técnico. Ademais, a incorporación dun novo contratista suporía un incremento significativo dos custos. En concreto, sería preciso adquirir licenzas adicionais compatibles cos seus equipos, contratar servizos técnicos duplicados para a adaptación ao sistema actual e realizar probas de interoperabilidade e validación técnica de novo.

- Polo que respecta ao artigo 205.2.a) 2º e da LCSP, o incremento do prezo derivado desta modificación (26.900 €), sumado ao importe inicial do contrato (267.186,71 €), non supera o 50% do prezo inicial, IVE excluído.
- Por outra banda, de acordo co artigo 206 da LCSP, as modificacións do contrato previstas no artigo 205 serán obrigatorias para o contratista cando a alteración da contía non exceda do 20% do prezo inicial, sen IVE. No presente caso, o incremento do prezo derivado desta modificación é de 26.900 €, o que supón aproximadamente un 10,07% respecto do prezo inicial do contrato (267.186,71 €), polo que non supera o límite do 20% establecido. Polo tanto, a modificación é obrigatoria para o contratista e axústase ao previsto no artigo 206 da LCSP.

VII. Á vista do *Informe motivado da modificación do contrato do sistema de vídeo vixilancia do Parlamento de Galicia (expte. STI-PA-3/2023)* establécense os seguintes orzamentos detallados para cada un dos compoñentes obxecto da modificación do contrato sen IVE:

Compoñente	Cantidade	Prezo	Importe (sen IVE)
Cámara de 61 MP con carcasa envolvente IP66 para exteriores e adaptador a poste	1	15.100 €	15.100 €
Lente varifocal	1	3.900 €	3.900 €
Licenzas precisas para engadir a cámara ao sistema CCTV existente	2	300 €	600 €
Columna de 4 metros, galvanizada, con tapa, cementación e pernos de anclaxe	1	1.500 €	1.500 €
Monitor de 55", gama profesional 24x7, marca NEC, con soporte a teito e instalación completa (visualización de alertas)	1	3.300 €	3.300 €
Cableado UTP categoría 6 armado con pantalla antioedores, con instalación completa en canalización existente ou nova	1	1.000 €	1.000 €
Botoeira de sobremesa con alimentación PoE, para armado/desarmado de analíticas de Avigilon Unity 8, con equipamento IP, placa personalizada e modificacións nas analíticas	1	1.500 €	1.500 €
TOTAL			26.900 €

Ademais a modificación para adquisición destes compoñentes deberán axustarse as seguintes condicións:

- Soporte técnico do fabricante: Incluíranse 8 horas de servizos profesionais de *Avigilon* nas instalacións do Parlamento, incluíndo desprazamento, para apoiar a configuración da cámara e da botoeira.
- Garantía: O material subministrado disporá de garantía durante toda a vixencia do contrato.

Servizo de Persoal e Réxime Interior
 Intervención e Asuntos Económicos



- Mantemento: O novo equipamento quedará incorporado ao plan de mantemento do sistema de vídeo vixilancia (STI-PA-3/2023), vixente ata o 1 de agosto de 2026.
- Formación: O adxudicatario deberá impartir 2 horas de formación práctica aos operadores, centrada no uso da botoeira, armado de alertas, e visualización avanzada.
- Prazo de entrega: O prazo máximo para a entrega e instalación completa do equipamento será de 2 meses desde a aprobación da modificación do contrato.
- Forma de pagamento: tras a sinatura da acta de recepción definitiva de subministración e instalación. O novo equipamento quedará incorporado ao plan de mantemento do sistema de vídeo vixilancia (STI-PA-3/2023), vixente ata o 1 de agosto de 2026.

VIII. Comunicóuselle á empresa con data 5 de maio de 2025 a ampliación da constitución dunha garantía definitiva por importe de 14.704,34 €, xa que a modificación do contrato supón un incremento do mesmo por valor de 26.900 €, para o que deben aportar unha garantía a maiores do 5 % dese incremento, é dicir, 1.345 €, conforme ao artigo 107.1 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Con data de 9 de maio de 2025 a Intervención do Parlamento de Galicia constitúe a garantía definitiva outorgada por SOLUNION SEGUROS, COMPAÑIA INTERN DE SEGUROS Y REASEGUROS SA a favor da empresa ELECTRONIC TRAFIC, S.A. mediante seguro de crédito e caución número 7422566501134 por importe de 14.704,34 € para responder do cumprimento das prestacións do contrato administrativo de subministración, instalación e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia.

Procede a súa vez autorizar a cancelación da garantía anterior.

Por todo o antedito, visto o informe emitido pola letrada e a fiscalización favorable pola Intervención da Cámara que acredita a existencia de crédito para atender a modificación do contrato, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.- Modificar o contrato administrativo para a prestación a compra dunha cámara de vídeo vixilancia de alta resolución (61 MP), un monitor profesional de 55 polgadas, unha botoeira de activación de alarmas e as correspondentes licenzas, materiais e servizos de instalación e mantemento, ao abeiro do estipulado no artigo 203.2.b) da Lei de Contratos do Sector Público, que permite, de xeito excepcional, realizar modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205 da mesma lei. Inclúese a constitución dunha nova garantía por importe de 14.704,34 €.

O importe a engadir con esta modificación é de vinte seis mil novecentos euros (26.900 €) sen IVE (32.549 € con IVE). O importe sen IVE quedaría desagregado do seguinte modo:

Compoñente	Cantidade	Prezo	Importe (sen iva)
Cámara de 61 MP con carcasa envolvente IP66 para exteriores e adaptador a poste	1	15.100 €	15.100 €
Lente varifocal	1	3.900 €	3.900 €
Licenzas precisas para engadir a cámara ao sistema CCTV existente	2	300 €	600 €
Columna de 4 metros, galvanizada, con tapa, cementación e pernos de anclaxe	1	1.500 €	1.500 €

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



Compoñente	Cantidade	Prezo	Importe (sen iva)
Monitor de 55", gama profesional 24x7, marca NEC, con soporte a teito e instalación completa (visualización de alertas)	1	3.300 €	3.300 €
Cableado UTP categoría 6 armado con pantalla antioedores, con instalación completa en canalización existente ou nova	1	1.000 €	1.000 €
Botoeira de sobremesa con alimentación PoE, para armado/desarmado de analíticas de Avigilon Unity 8, con equipamento IP, placa personalizada e modificacións nas analíticas	1	1.500 €	1.500 €
TOTAL			26.900 €

O importe total do contrato, unha vez engadida a modificación, ascende a 294.086,71€ (importe desagregado: orixinal é 267.186,71€ máis o modificado 26.900 €).

A modificación do contrato tamén inclúe:

- Soporte técnico do fabricante: Incluíranse 8 horas de servizos profesionais de Avigilon nas instalacións do Parlamento, incluíndo desprazamento, para apoiar a configuración da cámara e da botoeira.
- Garantía: O material subministrado disporá de garantía durante toda a vixencia do contrato.
- Mantemento: O novo equipamento quedará incorporado ao plan de mantemento do sistema de vídeo vixilancia (STI-PA-3/2023), vixente ata o 1 de agosto de 2026.
- Formación: O adxudicatario deberá impartir 2 horas de formación práctica aos operadores, centrada no uso da botoeira, armado de alertas, e visualización avanzada.

2.- O prazo máximo para a entrega e instalación completa do equipamento será de 2 meses desde a aprobación da modificación do contrato. A forma de pagamento será tras a sinatura da acta de recepción definitiva de subministración e instalación. O novo equipamento quedará incorporado ao plan de mantemento do sistema de vídeo vixilancia (STI-PA-3/2023), vixente ata o 1 de agosto de 2026.

3.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva anterior, por importe de 13.359,34 €, constituída con data 13 de xuño de 2023, mediante seguro de crédito e caución número 202300003775, outorgado por SOLUNION SEGUROS, COMPAÑÍA INTERN DE SEGUROS Y REASEGUROS SA a favor da empresa EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. para responder do cumprimento das prestacións do contrato administrativo de subministración, instalación e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia.

4.- Comunicarlles este acordo ao adxudicatario, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

5.- Publicar a adxudicación e a formalización do contrato no DOUE e perfil de contratante do Parlamento de Galicia, conforme o disposto nos artigos 63 e 207 da Lei 9/2007, de contratos do sector público.

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



6.- A formalización do contrato deberá efectuarse mediante documento de modificación despois da notificación deste acordo, de conformidade co determinado no artigo 153 da Lei 9/2007, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 21 maio de 2025

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial
Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior,
email=x.sarmiento@parlamentodegalicia
.gal
Fecha: 2025.05.21 09:06:03 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/05/2025 09:08:20
Nº Rexistro: 7147
Data envío: 21/05/2025 09:08:20.173

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 21/05/2025 9:06:03

CSV: REXPG-avU12UVC-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/05/2025 9:08:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/05/2025 09:08:20
Nº Rexistro: 7147
Data envío: 21/05/2025 09:08:20.173

CSV: REXPG-avU12UVC-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

